



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 04 de abril de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de abril de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(232).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(233).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 18484/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/03/2025, asinado pola titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas no orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 17922/111

Sentenza nº 32 do 13 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 292/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución ditada polo Concello de Vigo, denegatoria da axuda social de emerxencia.

Expte(s): nº 263866/301 e nº 264318/301

Contía: Indeterminada

Sentenza (firme) estimatoria ditada no RCA interposto contra a resolución denegatoria da axuda de emerxencia social para o pagamento de crédito hipotecario polo motivo establecido na base sexta.1.4º.a (non utilizar canles establecidas por outras Administracións).

A sentenza recolle unha previa sentenza estimatoria fronte á Administración autonómica no que se declaraba o dereito a axudas desta outra administración e parte da fundamentación desta outra resolución xudicial. Así, considera que a recorrente empregou e utilizou todas as axudas públicas que pode, é dicir, foi perceptora da RISGA ata que se apreciou a súa incompatibilidade co IMV, e deixou de percibir a primeira, en beneficio da segunda. A pesar diso, solicitou axudas autonómicas, caso da AIS, que lle foi recoñecida xudicialmente, polo que a demandada poderá, no seu caso, denegarlle a axuda que a actora lle solicita, pero sobre a base doutros motivos, non o que sinalou.

Polo tanto, acolle a demanda e condena do Concello de Vigo a ditar nova resolución na que se declare o dereito da recorrente a percibir as prestacións solicitadas para o pago das cotas hipotecarias de marzo e abril de 2024.

Respecto da motivación, a sentenza sinala que: “comprendemos el argumento de la demandada en cuanto que al publicar resoluciones como la combatida, debido a la naturaleza de los datos a que se refieren, no puedan contener su texto íntegro, en aras precisamente de la protección de la intimidad de los afectados. Ahora bien, este extremo no puede resultar obstáculo para que en el expediente administrativo que se remite al Juzgado se incluya toda la información necesaria, los antecedentes o informes que han servido de motivación para la resolución que se dicta”.

A sentenza impón as custas, no entanto, limitadas dadas as circunstancias do caso 200 euros.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Benestar Social para o seu coñecemento e efectos.

2.- Contencioso. Expediente nº 18016/111

Decreto nº 2 do 10 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 332/2024

Demandante/Recorrente: Particular



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Obxecto: desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada o 19/02/2024 por caída (tapa de rexistro na praza de Compostela).

Expte(s): 7334/243

Contía: 8.545,01 €

Decreto polo que se ten por desistida á demandante e se declara terminado o procedemento.

Na vía administrativa foi resolta, con carácter estimatorio, a RPA presentada pola demandante pola caída padecida na vía pública por unha tapa de rexistro. O Concello lle imputa a responsabilidade á concesionaria/adxudicataria do servizo municipal correspondente.

Darase traslado de dito decreto ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 17927/111

Sentenza nº 24 do 4 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 299/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos no vehículo cando circulaba pola rúa Clara Campoamor.

Expte(s): 7302/243

Contía: 959,28 €

Sentenza (firme) pola que se desestima o RCA presentado polo demandante, contra a desestimación por silencio da reclamación patrimonial presentada, na que reclamaba unha indemnización de 959,28 euros, polos danos padecidos no seu vehículos con ocasión dun accidente de circulación sucedido o 1-11-2025 na Avda Clara Campoamor, debido á existencia dunha substancia esvaradía na calzada.

A sentenza desestima a pretensión por canto non se advirte o elemento de reprochabilidade da actuación do Concello, nin antixuridicidade na súa actuación, xa que despois de ser coñecedor do perigo (substancia deslízante sobre a vía), procedeuse á súa limpeza.

Para a procedencia da responsabilidade que se demanda é preciso, por unha banda, que non exista a interferencia de terceiros na causalidade e por outro, que a acción ou omisión pública que denuncia, permita emitir un xuízo de reprochabilidade que demostre a antixuridicidade do funcionamento do servizo público e a inexistencia do deber de soportar o dano por parte do prexudicado. Neste caso a xulgadora considera que están ausentes estes dous elementos.

Contra esta sentenza non cabe interpoñer recurso algún, a mesma é firme e foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 17906/111

Sentenza nº 25 do 4 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 290/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por unha caída na rúa García Barbón.

Expte(s): 7401/243

Contía: 116,00 €

Sentenza (firme) que desestima o RCA interposto contra a desestimación por silencio da reclamación patrimonial presentada pola actora reclamando una indemnización polos prexuízos causados, a consecuencia de danos persoais padecidos con motivo dunha caída na avenida García Barbón, ao tropezar cunha loseta da beirarrúa en mal estado.

Pretende que polo órgano xurisdiccional se decláre non axustada a Dereito a actuación precedente da administración demandada, anúlese e revogue, e condénesele á demandada ao abono da cantidade de 782,55 euros, incrementada no seu interese legal con imposición das custas procesuais.

O recurso foi ampliado á resolución municipal expresa pola que se estima parcialmente a reclamación patrimonial e se recoñece o dereito a percibir unha indemnización total por importe de 666,55 euros.

Esta resolución reduce o litixio que se circunscribe á entidade dos prexuízos a que ten dereito a recorrente que lle sexan reembolsados.

A sentenza resolve o mesmo desestimando a cantidade reclamada pola recorrente xa que entre os gastos reclamados están as sesións de fisioterapia. O xulgador indica que a actora sofre padecementos no ombreiro; probouse que realizou sesións de fisioterapia e abonounas, pero igualmente probado queda a súa total desconexión co episodio cuxa responsabilidade xa asumiu a demandada na súa xusta medida. Indica que a actuación impugnada resulta conforme a Dereito, polo que desestima a demanda, reputando xusta a indemnización xa recibida pola recorrente, sen que exista espazo para o seu incremento en concepto de intereses, na medida en que como pon de manifesto a resolución, na reclamación previa non se cuantificou o importe dos danos e prexuízos que se pedían.

Sen expresa imposición de custas á demandante.

Contra esta sentenza non cabe recurso algún.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 17903/111

Sentenza nº 39 do 14 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 289/2024

Demandante/Recorrente: Particular



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Obxecto: resolución de recurso potestativo de reposición formulado contra outra do Servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga-Aqualia.
Contía: 5.158,52 €

Sentenza pola que se estima o RCA interposto polo demandante contra a resolución municipal de abastecemento e saneamento de augas, de 5 de xullo de 2024, consistente na liquidación do importe de 5.158,52 euros en concepto de cantidade deixada de percibir por conexión ilegal á rede de abastecemento de auga municipal, co que se pretende a anulación de dita liquidación por non axustarse a Dereito por non existir a derivación ilegal do caudal e por caducidade do expediente.

Trala práctica da proba consistente na declaración do técnico responsable de Aqualia que detectou a ilegalidade da conexión, e a declaración do responsable da empresa contratada polo demandante para reparar a conexión de auga existente na parcela, o xulgador considera que non existe fraude; entende que existía unha derivación pero a súa presenza é compatible coa explicación que se ofrece polo recorrente de que procedía da subministración primitiva a través da asociación veciñal de comuneiros de Beade. Recolle a sentenza que a través das diferentes imaxes aportadas quedou probado que esa derivación estaba obsoleta, precaria, sen uso; que os consumos anteriores e posteriores á actuación da concesionaria co levantamento da acta, son homoxéneos e regulares, acomódanse aos propios dunha vivenda unifamiliar e de seu, é un extremo a ter en conta para disipar a idea da fraude. Indica que amais existe outro indicio que avala a presunción de inocencia do actor e son as circunstancias nas que se advirte a bifurcación na conducción; é o propio consumidor o que reclama a presenza da concesionaria para a reparación da canalización que sufría unha fuga na acometida e ninguén que incorra nun comportamento defraudador require a presenza dos operarios da concesionaria.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas e contra a mesma non cabe interpoñer ningún recurso.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal xestor da concesión de Aqualia e á Recadación Executiva para o seu coñecemento e efectos.

6.- Contencioso. Expediente nº 18266/111

Sentenza nº 61 do 17 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 1/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a providencia de apremio.

Expte(s): 396779/700, 325838/280, 6066/550

Contía: 59,58 €

Sentenza que desestima o RCA interposto contra a resolución do TEA do 30-10-2024 desestimatoria da reclamación formulada contra dilixencia de embargo de 59,58 euros por multa de estacionamento en zona azul sen ticket.

Alega o recorrente na súa demanda que recibiu por sorpresa a dilixencia de embargo ditada para a execución de actos que non lle foron notificados previamente. O Concello de Vigo alegou na súa contestación, en resumo, que as notificacións se practicaron na forma legalmente establecida, nos enderezos que constaban a efectos fiscais e administrativos.

A sentenza recolle que no presente caso, consta que se fixeron tres intentos de notificación, o 23/1, 26/1 e 6/2 de 2024 na no enderezo, a diferentes horas, nas que o recorrente estaba ausente. Por iso, foi correcta a notificación realizada a través de publicación no BOE o día 21 de febreiro de 2024.

E a providencia de constrinximento foi notificada ao actor electronicamente o día 6/5/24, accedendo el mesmo a través do sistema municipal de notificacións electrónicas. Por tanto, todas as notificacións foron realizadas correctamente, o que implica a desestimación do recurso.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas ao actor, co límite máximo de 50 euros mais IVE por honorarios de letrada. Contra a mesma non cabe recurso.

Darase traslado da mesma ao TEA e ao servizo de Recadación Executiva para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 18220/111

Sentenza nº 55 do 11 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 374/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 01/08/2024 ditada no expediente sancionador.

Contía: 900,00 €

Sentenza (firme) pola que se desestima o RCA interposto contra a resolución municipal desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte á resolución pola que se lle impuxo unha multa de 900 euros por non identificar á persoa que conducía o seu vehículo.

A sentenza recolle que a multa foi correctamente imposta. No expediente constan as notificacións practicadas do xeito legalmente establecido; respecto á nulidade pretendida da multa imposta por falta do certificado de verificación da cabina, consta incorporado ao expediente, polo que toda a tramitación do mesmo foi correcta.

Se lle impoñen as custas ao demandante co límite de 150 euros mailo IVE. Contra esta sentenza non cabe interpoñer recurso.

Darase conta desta resolución ao servizo de Seguridade para o seu coñecemento.

8.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo de reclamación económico-administrativa, interposta fronte á desestimación presunta por silencio administrativo, de solicitude de rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Sentenza	Data	Expedientes administrativos
17858/111	316/2024	1	14/02/2025	5953/550 42105/514
17839/111	311/2024	2	14/01/2025	5937/550 42105/514
18010/111	323/2024	5	17/01/2025	5969/550 42138/514
17856/111	318/202	7	17/01/2025	5944/550 42138/514
18028/111	338/2024	8	17/01/2025	5981/550 42177/514
17857/111	314/2024	9	17/01/2025	5986/550 39561/514
17851/111	319/2024	10	17/01/2025	5950/550 42138/514
17842/111	313/2024	13	20/01/2025	5966/550 42177/514
17879/111	339/2024	14	20/01/2025	5970/550 42177/514
17860/111	315/2024	15	20/01/2025	5937/550 42177/514
17840/111	312/2024	17	20/01/2025	5946/550 39561/514
17871/111	347/2024	18	21/01/2025	5938/550 42105/514
17876/111	346/2024	19	21/01/2025	5963/550 42138/514
17862/111	350/2024	29	24/01/2025	5985/550 42138/514
18027/111	337/2024	31	24/01/2025	5948/550 39826/514
17861/111	348/2024	32	24/01/2025	5987/550 42105/514
18063/111	354/2024	33	24/01/2025	5947/550 42105/514
17890/111	335/2024	39	28/01/2025	5942/550 39561/514
18071/111	355/2024	40	28/01/2025	5940/550 42177/514

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Sentenza	Data	Expedientes administrativos
17865/111	349/2024	44	30/01/2025	5971/550 39561/514
17867/111	369/2024	48	31/01/2025	5980/550 42177/514
17866/111	345/2024	50	31/01/2025	5971/550 39561/514

Estas sentenzas que son firmes por contía, inadmiten os recursos da parte demandante e lle impón as custas dos procedementos.

As resolucións comparten a apreciación do TEAC de que a demandante non presentou reclamacións algunhas de rectificación da autoliquidación. Non constaban nesas

reclamacións e esa foi a razón pola cal se inadmitiron os recursos, polo que non se podía considerar un silencio.

Contra as resolucións expresas do TEAC nin solicitou a ampliación dos recursos nin desistiu dos procedementos, polo que se confirma en idéntico sentido que o do órgano municipal a procedencia da inadmisión destes recursos.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben de coñecer do resolto.

9.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.
 Abreviados
 Demandante/Recorrente: Empresa
 Obxecto: desestimación por silencio administrativo de reclamación económico-administrativa, interposta fronte á desestimación presunta por silencio administrativo, de solicitude de rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU.

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Decreto	Data	Expedientes administrativos
17846/111	319/2024	4	19/02/2025	5961/550 42105/514
17868/111	349/2024	5	19/02/2025	5972/550 42105/514
17864/111	347/2024	6	19/02/2025	5967/550 42105/514
17853/111	313/2024	7	19/02/2025	5984/550 39561/514
17870/111	350/2024	8	19/02/2024	5945/550 42177/514



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Decreto	Data	Expedientes administrativos
17869/111	370/2024	9	19/02/2024	5960/550 42105/514
18021/111	339/2024	10	19/02/2025	5959/550 39826/514
17855/111	318/2024	11	19/02/2024	5943/550 42138/514
17841/111	312/2024	12	19/02/2025	5949/550 39561/514
17848/111	317/2024	13	19/02/2025	5990/550 39561/514
17849/111	316/2024	14	19/02/2024	5954/550 39561/514
18067/111	346/2024	15	19/02/2024	5960/550 42105/514
17952/111	328/2024	16	20/02/2025	5955/550 42138/514
17880/111	337/2024	17	24/02/2025	5979/550 42138/514
17854/111	320/2024	18	24/02/2025	5982/550 42105/514
18229/111	359/2024	26	06/03/2025	5974/550 39561/514
18035/111	340/2024	27	06/03/2025	5973/550 42177/514

Os Decretos acordan alzar a suspensión acordada nestes procesos, e ter por desistido ao Banco Santander nestes procesos sen imposición de custas.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben de coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 17929/111

Sentenza nº 35 do 13 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 300/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 01/10/2024 sobre solicitude da prorrogação no servizo activo.

Expte(s): 44873/220 e 45465/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza non é firme, e desestima as pretensións da demanda, confirmando o acto impugnado, que resolveu a desestimación do recurso interposto contra a resolución desestimatoria da prórroga no servizo activo dun funcionario municipal.

A sentenza, que lembra o réxime do silencio positivo nestes casos, considera que se resolveu dentro do prazo legalmente establecido, e polo tanto, a resolución dende ese punto de vista formal é correcta. Canto ao fondo do asunto, tamén considera motivada a mesma por canto o servizo no que se atopaba non emitiu informe en prazo, pero si o fixo aquel ao que figura formalmente adscrito o posto na RPT.

Nesa motivación se recollía que coa actual estrutura da área de Fomento do Concello de Vigo, non existían razóns de interese público para a prolongación da situación de servizo activo deste funcionario, posto que as funcións que para o servizo de Comercio desenvolvía se prestan de modo transversal a outros servizos municipais cos efectivos actualmente adscritos a esa área, ben de plantilla ou con cargo a un programa.

Desbota a aplicación de certa normativa estatal -algunha derogada- a este tipo de supostos, e reitera tamén que o exercicio deste tipo de potestades é discrecional, se ben se esixe unha motivación, que neste caso se considera cabal e suficiente.

A área de RRHH e Formación e a de Fomento deben coñecer do resolto.

11.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto:desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamacións das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido no período de prácticas como Policía Local. Con posterioridade ditouse resolución expresa recoñecendo o pagamento dos complementos reclamados. Cinguiuse logo a reclamación a determinar o dereito a percibir os xuros moratorios.

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Sentenza	Data	Expedientes administrativos
17485/111	182/2024	21	23/01/2025	43294/220 43681/220
17528/111	193/2024	22	23/01/2025	43910/220 40867/220
17560/111	209/2024	23	23/01/2025	43636/220 40867/220
17489/111	184/2024	24	23/01/2025	43947/220 40867/220
17488/111	188/2024	25	23/01/2025	42486/220 43910/220
17559/111	208/2024	26	23/01/2025	44021/220 40867/220



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Sentenza	Data	Expedientes administrativos
17503/111	185/2024	27	23/01/2025	43910/220 42486/220

As sentenzas xa firmes estiman os recursos, recoñecen a satisfacción extraprocesual xa cumprida, e estiman o dereito aos xuros legais dende a data da reclamación, con condena das custas polo límite máximo de 100 euros, en atención a que xa fora recoñecido extraxudicialmente o abono das cantidades.

Debe coñecer o resolto o servizo de RRHH e Formación e executar o resolto.

12.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: silencio administrativo (reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido no período de prácticas como Policía Local).

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Auto extensión	Data	Expedientes administrativos
17231/111	117/2024	5	29/01/2025	42846/220
17221/111	118/2024	6	29/01/2025	42846/220
17481/111	189/2024	7	29/01/2025	44026/220
17232/111	116/2024	8	29/01/2025	42846/220 44492/220
17239/111	121/2024	9	29/01/2025	42846/220 44492/220
17482/111	186/2024	10	29/01/2025	43973/220
17479/111	188/2024	11	29/01/2025	43972/220
17317/111	148/2024	12	29/01/2025	42846/220 44025/220
17268/111	125/2024	13	30/01/2025	44543/220
17511/111	195/2024	15	30/01/2025	43960/220

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Auto extensión	Data	Expedientes administrativos
17517/111	200/2024	16	30/01/2025	43995/220

Os autos, susceptibles de recurso de apelación, estenden a favor dos recorrentes o efecto da sentenza firme ditada o 10,12,2024 no pleito testigo nº115/2024 P.A; cúa parte dispositiva reproduce e, en consecuencia, condena ao Concello a 1. abonar os intereses legais da cantidade xa recoñecida en vía administrativa (resolución do 14 de outubro de 2024) dende os meses de febreiro e marzo de 2023 ata outubro de 2024 -cando foi pagada a cantidade reclamada-e 2. ao pago das custas co límite de 100 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómake coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(234).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS DE CAMPO DE MONTAXE, DESMONTE E MANTEMENTO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA, DOS SETS DECORATIVOS, DA ORNAMENTACIÓN VEXETAL E NON VEXETAL, DA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA, DO SERVIZO DE MEGAFONÍA E DOS MERCADOS DO NADAL. EXPTE. 10051/106.

Visto o informe de fiscalización do 31/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/03/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes Market e Calvario) (10051-106) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non

vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes Market e Calvario) (10051-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado da prestación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas contratistas da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes market e Calvario) durante as campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026, cun orzamento base de licitación máis IVE de CORENTA E SETE MIL EUROS DOUSCENTOS TRECE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (47.213,43 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	Importe sin IVA (€)	IVE (€)	Total (€)
2025	33.398,62	7.013,71	40.412,33
2026	5.620,74	1.180,36	6.801,10
TOTAL	39.019,36	8.194,07	47.213,43

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27/11/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación con data 17/12/2024.

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 (ASISTENCIAS TÉCNICAS) crédito por importe de 40.412,33 € e 6.801,10 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 27 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes Market e Calvario) (10051-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, SA	95



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, SA, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.*
- *Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, e declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC. Lémbrese que deberán acreditar a a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, ao estar o licitador inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, está exento de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren nel sempre que se atope vixente. En consecuencia, deberá presentar, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA, o día 6 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o 13 de marzo de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 20 de marzo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

Esta documentación consta de:

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (23.328,99 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (23.328,99 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5.G) do Anexo I (FEC) do PCAP
- Seguro de caución por un importe de 1.950,97 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Asemade, figura no expediente o certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo e o certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICO

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor de data 21 de febreiro de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación de data 27 de febreiro de 2025 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

“Adxudicar a ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes Market e Calvario) (10051-106) por un prezo total de 47.213,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.194,07 euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón como porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP un 2,00 %.*
- b) Propón como incremento de horas normais sobre as mínimas propostas no PPTP:*
 - Incremento de horas do enxeñeiro/a técnico/a: 40 (nº) horas (ata un máximo de 40 horas)*
 - Incremento de horas do/a administrativo/a: 20 (nº) horas (ata un máximo de 20 horas).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(235).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DAS LICENZAS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO SERVIDOR BASE DE DATOS INFORMIX E BACKUP CORPORATIVA TSM SPECTRUM PROTECT . EXP-TE. 10535/113.

Visto o informe de fiscalización do 31/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/03/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro das licenzas de actualización e mantemento do servidor base de datos Informix e Backup corporativa TSM Spectrum Protect (10535-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro das licenzas de actualizacións e mantemento do servidor base de datos Informix e Backup corporativa TSM Spectrum Protect (10535-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro das licenzas de actualización e mantemento do xestor de BBDD Informix, do conector Informix gateway e da ferramenta de backup TSM Spectrum Protect, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/11/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 18/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 30/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 30/12/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 30/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21/01/2025.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 260.866,32 €, que inclúe un I.V.E. de 45.274,32 €, dende o 1 de abril de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Mantemento	9207.2279902	110.692,00 €	23.245,32 €	133.937,32 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
	Software				
2026	Mantemento Software	9207.2279902	52.450,00 €	11.014,50 €	63.464,50 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	52.450,00 €	11.014,50 €	63.464,50 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 7 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro das licenzas de actualizacións e mantemento do servidor base de datos Informix e Backup corporativa TSM Spectrum Protect (10.535-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	INFORHOUSE, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixida no apartado 9C da FEC.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos nel reflectidos".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, SL, o día 7 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida o día 19 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran o obxecto social e o poder de representación e, no segundo, asemade, os certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT e coa Seguridade Social.
- Declaración de vixencia dos datos dos rexistros.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (60.868,81 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (60.868,81 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 10.670,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INFORHOUSE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INFORHOUSE, SL, segundo o acordo da Mesa de Contratación, de data 6 de marzo de 2025, no que se clasifica, a este licitador, en primeiro e único lugar ao abeiro do disposto no apartado 7B *“as ofertas ordenaranse por orde ascendente resultando adxudicatario o que oferte o menor prezo”*.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INFORHOUSE, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro das licenzas de actualizacións e mantemento do servidor base de datos Informix e Backup corporativa TSM Spectrum Protect (10535-113) por un prezo total do contrato de 258.214,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.814,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(236).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPADA 2025-20º ANIVERSARIO. EXPTE. 5966/330.

Visto o informe xurídico do 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 01/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 4 de febreiro do 2025, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario; por este motivo, por parte desta xefatura iníciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08. e a proposta dun convenio con esta entidade.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** XANEIRO 24 – 20:00 h. Teatro Afundación**

ECOS DE VIENA - O ESPLENDOR MOZARTIANO

Anastasia Makhamendrikova (piano), Aarón Zapico (director)

- Mozart: Concerto para piano nº21
- Mozart: Sinfonía nº 38 «Praga»

*** FEBREIRO 28 – 20:00 h. Concatedral de Santa María - Colexiata**

«IL CANTO DELLE MUSE», ARIAS DE ÓPERA DE HÄNDEL E VIVALDI

Anna Urpina (violín barroco y dirección), Aurora Peña (soprano)

Händel:

- Sinfonía “Giulio Cesare en Egitto”
- Sinfonia Il Parnasso – “V’adoro pupille” di “Giulio Cesare en Egitto”
- Obertura de “Rinaldo” HWV 7
- Lascia la spina “Il trionfo del Tempo e del disinganno”

Vivaldi:

- Concerto para violín RV 297, I Allegro “Invierno”
- Gelido in ogni vena “il farnace”
- Concerto para violín “Verano”, III Presto
- Se lento ancora il fulmine de “Agrippa”

*** MARZO 20 – 20:00 h. Salón Regio – A Sede**

DE HAYDN A BARTÓK: A TRAXECTORIA DUN XÉNERO

Cuarteto «Talos»

- Franz Joseph Haydn: cuarteto de cordas en si bemol maior, Hob.III:67
- Alexander von Zemlinsky: Cuarteto de cordas nº 1, Op. 4 en la maior
- Bela Bartók: Cuarteto de cordas nº 4 en do maior

*** MARZO 21 – 20:00 h. Auditorio Martín Códax**

SONS DO CORAZÓN: HARMONÍAS DO ROMANTICISMO

Sonoko Miriam Welde (violín), José Luis López Antón (director)

- Mendelssohn: Concerto para violín
- Brahms: Sinfonía nº 2

*** ABRIL 26 – 20:00 h. Salón Regio - Sede**

SOUVENIRS DA CORTE ESTERHÁZY - UN INSTRUMENTO PARA UN PRÍNCIPE

Maddalena del Gobbo (Baryton) + Ensemble Vigo 430



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

- Haydn: Trios para barytón, viola e violoncello

*** MAIO 30 - 20:00 h. Teatro Afundación**

PAISAXES SONOROS - DE BEETHOVEN A TCHAIKOVSKY

Nancy Zhou (violín), Isabel Rubio (directora)

- Tchaikovsky: Concerto para violín

- Beethoven: Sinfonía nº 6 «Pastoral»

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.300 € (cento cincuenta e cinco mil trescentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 5.300 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello con data 13 de marzo de 2025

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de

marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar previsto nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario, figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 150.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “ ORQUESTRA VIGO 430. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20º Aniversario.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPADA 2025-20º ANIVERSARIO

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da “Asociación Orquestra Vigo 430” (CIF: G-27743475) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xenera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da “**CONVENIO ORQUESTRA 430, PROGRAMA DE CONCERTOS**”, a cantidade de 150.000 euros.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

IV.- Que a “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CICLO DE CONCERTOS DA TEMPADA 2025-20º ANIVERSARIO, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.300 € (cento cincuenta e cinco mil trescentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 5.300 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** XANEIRO 24 – 20:00 h. Teatro Afundación**

ECOS DE VIENA - O ESPLENDOR MOZARTIANO

Anastasia Makhamendrikova (piano), Aarón Zapico (director)

- Mozart: Concerto para piano nº21

- Mozart: Sinfonía nº 38 «Praga»

FEBREIRO 28 – 20:00 h. Concatedral de Santa María - Colexiata

«IL CANTO DELLE MUSE», ARIAS DE ÓPERA DE HÄNDEL E VIVALDI
Anna Urpina (violín barroco y dirección), Aurora Peña (soprano)

Händel:

- Sinfonía “Giulio Cesare en Egitto”
- Sinfonía Il Parnasso – “V’adoro pupille” di “Giulio Cesare en Egitto”
- Obertura de “Rinaldo” HWV 7
- Lascia la spina “Il trionfo del Tempo e del disinganno”

Vivaldi:

- Concerto para violín RV 297, I Allegro “Invierno”
- Gelido in ogni vena “il farnace”
- Concerto para violín “Verano”, III Presto
- Se lento ancora il fulmine de “Agrippa”

MARZO 20 – 20:00 h. Salón Regio – A Sede

DE HAYDN A BARTÓK: A TRAXECTORIA DUN XÉNERO

Cuarteto «Talos»

- Franz Joseph Haydn: cuarteto de cordas en si bemol maior, Hob.III:67
- Alexander von Zemlinsky: Cuarteto de cordas nº 1, Op. 4 en la maior
- Bela Bartók: Cuarteto de cordas nº 4 en do maior

MARZO 21 – 20:00 h. Auditorio Martín Códax

SONS DO CORAZÓN: HARMONÍAS DO ROMANTICISMO

Sonoko Miriam Welde (violín), José Luis López Antón (director)

- Mendelssohn: Concerto para violín
- Brahms: Sinfonía nº 2

ABRIL 26 – 20:00 h. Salón Regio - Sede

SOUVENIRS DA CORTE ESTERHÁZY - UN INSTRUMENTO PARA UN PRÍNCIPE

Maddalena del Gobbo (Baryton) + Ensemble Vigo 430

- Haydn: Trios para barytón, viola e violoncello

MAIO 30 - 20:00 h. Teatro Afundación

PAISAXES SONOROS - DE BEETHOVEN A TCHAIKOVSKY

Nancy Zhou (violín), Isabel Rubio (directora)

- Tchaikovsky: Concerto para violín
- Beethoven: Sinfonía nº 6 «Pastoral»

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da Asociación.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (150.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por

vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
 6. Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, **e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime do tódolos asinantes
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascurrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira-delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

O presidente da entidade

María del Carmen Silva Rego

Francisco Javier Escobar Vidal

A secretaria do Goberno Local
Susana Gallardo Fariña



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102



TEMPADA 20º ANIVERSARIO

PRESUPUESTO TEMPADA 2025	Ingreso Ataquilla	No venta entradas	Ingreso Ticketrona	Ingreso Ticketrona	Ingreso Ticketrona	Ingreso Ataquilla
	2.000,00 €	- €	600,00 €	600,00 €	600,00 €	1.500,00 €
DECEMBRO 24	ENERO 25	FEBREIRO 25	MARZO 25	MARZO 25	ABRIL 25	MAIO 25
Solista	Makhamendrikova (Piano)	Anna Urpina (violin)	cuarteto	(Violin)	(Baryton)	Nancy Zhou (Violin)
cantante		Aurora Peña (Soprano)	<<Talos>>		Ensemble vigo 430	
Director/a	Aaron Zapico			Jose Luis Lopez Anton		Isabel Rubio
Lugar Concerto	Teatro Afundacion	Colexita	A Sede	Martin Códax	A Sede	Teatro Afundacion
Data	24/01/2025	01/03/2025	20/03/2025	21/03/2025		30/05/2025
MUSICOS POR CONCERTO	32	9		46		40
DECEMBRO 24	ENERO 25	FEBREIRO 25	MARZO 25	MARZO 25	ABRIL 25	MAIO 25
Gastos Personal	2.640,89 €	29.531,05 €	11.685,89 €	4.240,00 €	8.965,89 €	33.510,89 €
Administración	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €
Solistas + Directores		9.945,00 €	2.420,00 €	1.500,00 €	10.890,00 €	1.000,00 €
Gastos viaxe		1.200,00 €	300,00 €	600,00 €	700,00 €	300,00 €
Hoteis directores e solistas		665,00 €	400,00 €	840,00 €	780,00 €	325,00 €
Músicos concerto		10.650,00 €	4.725,00 €		15.000,00 €	2.000,00 €
Gastos viaxe Músicos		1.290,16 €	500,00 €	500,00 €	1.800,00 €	1.800,00 €
Aloxamento Músicos		1.140,00 €	210,00 €	700,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
Aux. Producción por concerto		800,00 €	300,00 €		800,00 €	600,00 €
xerais - Cierre	ENERO 25	FEBREIRO 25	MARZO 25	MARZO 25	ABRIL 25	MAIO 25
Gastos explotación	9.080,80 €	6.051,70 €	1.842,00 €	1.800,00 €	2.642,00 €	5.346,00 €
Aluguer instrumentos e material		0,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Aluguer Salas		2.020,70 €	0,00 €	900,00 €	200,00 €	1.815,00 €
Traslados Aeroporto Solistas / Músicos		1.200,00 €	200,00 €	100,00 €	900,00 €	900,00 €
ITe instrum e persoal (Furgo/Taxi)		700,00 €	300,00 €		500,00 €	500,00 €
Partituras-escaneos (Aluguer)	200,00 €					
Impresión cartelería - Rollup - P. Man	200,00 €	100,00 €	100,00 €	100,00 €	100,00 €	100,00 €
Publicidade e Comunicación	1.505,00 €	242,00 €	242,00 €	242,00 €	242,00 €	242,00 €
Cartelería Diseño + P. Man	2.000,00 €					
Reportaxe fotográfico		350,00 €	350,00 €	350,00 €	350,00 €	350,00 €
Video concerto -Streaming		1.089,00 €				1.089,00 €
Aluguer Local	350,00 €	350,00 €	350,00 €	350,00 €	350,00 €	350,00 €
Xestoría	2.500,00 €					
SGAE e AEOS	1.300,00 €					
Seguro RC + seg. Local	525,80 €					
Plan RRLL Quiron	500,00 €					
Totales por concerto	11.721,69 €	35.582,75 €	13.537,89 €	6.040,00 €	37.352,89 €	12.207,89 €
Acumulado por concerto	11.721,69 €	47.304,44 €	60.842,33 €	66.882,33 €	104.235,22 €	116.443,11 €

5.300,00 €

Taquilla	5.300,00 €
Subvención Concello	150.000,00 €

SUMATORIO PARTIDA GASTO	TOTAL INGRESOS
126.295,50 €	155.300,00 €
15.845,34 €	
36.645,00 €	0,00 €
3.600,00 €	
3.790,00 €	
46.375,00 €	
7.690,16 €	
5.650,00 €	
3.300,00 €	

SUMATORIO PARTIDA GASTO
29.004,50 €
300,00 €
5.835,70 €
3.400,00 €
2.200,00 €
200,00 €
800,00 €
2.715,00 €
2.000,00 €
2.100,00 €
2.178,00 €
2.450,00 €
2.500,00 €
1.300,00 €
525,80 €
500,00 €

155.300,00 €

Exceso subv. - €

6(237).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA OS XIMNASIOS DOS PARQUES DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 7274/213.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data do 31/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 10 de xaneiro de 2025 a concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal, acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de material deportivo para os ximnasios dos parques de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 10 de xaneiro de 2025 e a concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal de 10 de xaneiro de 2025.

Memoria económica do contrato de data 11/02/2025, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros, conformada pola Concelleira da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal e Orzamentos e Facenda.

Certificado de crédito de data 14 de xaneiro de 2025.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 12/02/2025, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 12/02/2025, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Informe da xefa do Servizo de Contratación de 17 de febreiro de 2025 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto super simplificado do subministro de material deportivo para os ximnasios dos parques de Bombeiros, asinado pola técnica de contratación de data de 17 de febreiro de 2025 e pola xefa do Servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia está delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A c concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal mediante resolución de 10 de xaneiro de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto supersimplificado non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto supersimplificado para o subministro de material deportivo para os ximnasiaos

dos parques de Bombeiros , 5 cintas de correr e dúas cintas de escada, que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 12/02/2025.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 17/02/2025.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 29.999,53 euros, do que 5.206,53€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 " Adquisición de equipos Ximnasio e outro inmovilizado" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(238).- REQUIRIMENTO PREVIO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2025, POLA QUE SE APROBA A XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO DO CONVENIO PARA CESIÓN DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO". EXPTE. 2280/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/04/2025, asinado polo xefe de Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS.

1.- Con data de 30/12/2016, foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para regular as actuacións para Cesión ao Concello de Vigo da titularidade da "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (po 330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto", e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación.

2.- En base ao obxecto do convenio e no marco do mesmo, foron desenvoltas tres "addendas" co obxecto dar cumprimento as obrigas das partes, en relación o axuste financeiro así como a adecuación da temporalidade a execución real das actuacións de acordo as seguintes condicións:

- ADDENDA nº 1 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO", E PARA O



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

- Asinada con data 21/12/2018.
- Ampliación do prazo de vivencia ata o 31/12/2020.

• ADDENDA Nº 2 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

- Asinada con data 27/12/2019.
- Adecuación financeira:
 - Deputación Provincial: 2.419.903,50 €.
 - Concello de Vigo: 413.924,00 € (De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada).

- Ampliación do prazo de vixencia ata o 31/12/2021.

• ADDENDA Nº 3 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIGA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL.

- Asinada con data 03/12/2021.
- Ampliación do prazo de vixencia ata o 15/10/2022.

3.- Con data 25 de novembro de 2022 o Concello de Vigo e a Diputación Provincial de Pontevedra asinan un novo convenio para a “CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330) LUGAR DE PORTO, ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DE PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN, no cal defínense os seguintes pactos en relación ao obxecto e obrigas económicas das partes:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO:

É obxecto deste convenio facilitar a continuidade destas actuacións, adecuando as obrigas de ambas administracións e así, poder finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330, a cal hoxe en día, superadas todas as incidencias sobre a cesión das propiedades vinculadas a execución desta obra, se pode indicar que coa aprobación do modificado nº1 deste proxecto, quedan solventadas todas as necesidades para a finalización desta obra.

Os investimentos vinculados ao novo convenio atópanse definidos no Modificado nº 1. CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO., aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2022. Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO: IMPORTE E FINANCIAMENTO:

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de "UN MILLÓN DOUSCENTOS NOVENTA E UN MIL OITENTA E TRES EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS" (1.291.083,31 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose co seguinte escenario económico:

Expediente	Importe
Expte.4472/440 CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2011 CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO 77.	77.924,00 €
Expte.108/441 CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO.	2.455.119,39 €
Modificado nº 1. CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO.	553.796,17 €
Previsión art 242.4.i da LCSP	245.500,00 €
495/441 - CONTRATO MAIOR SERVIZOS ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-	81.638,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIAN.

COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO330), LUGAR DE PORTO. (*) Solo executado 2551,58 €.

COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO330), LUGAR DE PORTO.

Coordinación seguridade e Saude para a execución do proxecto modificado nº1: 3.025,00 €

IMPORTE TOTAL DA PREVISIÓN DA EXECUCIÓN: 3.425.254,76 €

IMPORTE XA EXECUTADO E CERTIFICADO ATA O 15/10/2022 2.134.171,45 €

CRÉDITOS NECESARIOS PARA A FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS: 1.291.083,31 €

3.- Neste novo convenio unifícanse os compromisos económicos que neste convenio asumen as partes cos derivados do convenio inicial, pendentes de cumprimento, asinado entre as partes con data do 30/12/2016 e as súas addendas, que fixan como data final de vixencia do convenio inicial o vindeiro 15/10/2022; obrigas nacidas do primeiro convenio, pendentes de cumprimento, que se renovan no presente.

4.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), e vinculados o proxecto Modificado nº 1, a contía de CINCOCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCENTOS SESENTA EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (597.460,55 €). O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva e fixa para á execución do convenio, polo cal calquera modificación ou incremento de custes sobre esta previsión será afrontada directamente polo Concello de Vigo.

O pagamento do importe referido se realizará contra as seguintes aplicación:

22/942.9420.762.14	597.460,55 €
Total:	597.460,55 €

Así mesmo en relación as obrigas derivadas da execución das actuacións contempladas na addenda nº 2 do anterior convenio, a Deputación Provincial comprométese a realizar os pagos correspondentes as actuación xa

executadas e pendentes de liquidar por un importe máximo de 1.822.442,95 €, para o cal se dispoñen dos créditos nas aplicacións 22/942.9420.762.14.2016 e 942.9420.762.14.2017.

5.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), e vinculados o proxecto Modificado n.º 1, a contía de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (693.622,76 €), de acordo co seguinte estado de execución das obrigas inicial do convenio vixente, polo cal se obriga o cumprimento do marco financeiro establecido que indica: "... o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación o financiamento indicado". Polo cal comprométese a achega de dita cantidade de acordo co seguinte resume de execución:

Créditos pendentes do marco financeiro inicial	102.195,50 €
Novas obrigas derivadas do incremento do novo convenio	591.427,26 €
Total:	693.622,76 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.619.00.09 no vixente orzamento 2022, e de acordo a execución indicada anteriormente. Así mesmo polo tendo en conta o condición da achega da Deputación de Pontevedra, polo cal calquera modificación ou incremento de custes sobre o marco financeiro previsto, será afrontado directamente polo Concello de Vigo.

6.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

II.- RESOLUCIÓN APROBADA POLA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A LIQUIDACIÓN DAS OBRIGAS ECONÓMICAS:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Con data 17/03/2025, recibese no rexistro xeral do Concello de Vigo a RP ABOO XUSTIFICACIÓN CONV. CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA E.P. 2001, na cal se comunica o seguinte acordo:

«PRESTAR A APROBACIÓN á xustificación presentada polo Concello de Vigo (CIF P3605700H) aos efectos de xustificar a axuda económica concedida para a realización das actuacións recollidas dentro do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario La Garrida. tramo igrexa de Beade A Garrida (PO 330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto” e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación».

RECOÑECER A OBRIGA E ORDENAR O PAGAMENTO ao Concello de Vigo da cantidade de 468.122,78€ contra a aplicación 2025/942.9420.762.14.2022.

DAR TRASLADO da presente resolución ao Concello de Vigo, a Intervención e ao Servizo de Cooperación.

III.- CONSIDERACIÓNS DE DEREITO.

A vista da resolución indicada no apartado anterior débese indicar que os criterios adoptados no contido da mesma para a determinación do importe económico recoñecido non se corresponden cos pactos acordados no convenio que regula a execución desta actuación.

A tales efectos débese indicar:

Primeiro: Sobre o gastos derivado da revisión excepcional de prezos:

O Concello de Vigo remitiu a xustificación correspondente a todos os gastos derivados da finalización das actuación da obra de referencia o convenio obxecto deste expediente. Dita documentación xustificativa relaciona un gasto de 1.208.210,04 €, tal como recolle no contida da resolución.

Na citada documentación ven a indicarse un gasto por importe de 196.619,39 €, correspondente a revisión excepcional de prezos. Dito importe non é recoñecido como gasto imputable o convenio na resolución, xustificando que o menos non é un concepto que figure como subvencionable no convenio, indicando ademais que dito gasto non se atopa recollido no PCAP.

A vista da aplicación deste criterio débese indicar que:

A xustificación de que o importe resultante da aplicación da revisión excepcional de prezos regulada no Real Decreto-lei 3/2022 é inherente á propia execución da obra e forma parte do importe final da obra executada fundaméntase nos seguintes aspectos:

- Natureza compensatoria: A revisión excepcional de prezos ten como obxectivo compensar o incremento imprevisible dos custos dos materiais empregados na

obra, que tivo un impacto directo e relevante na economía do contrato durante a súa vixencia. Esta compensación considérase parte integral da execución da obra, xa que reflicte os custos reais incorridos polo contratista.

- Aplicación durante a vixencia do contrato: A revisión aplícase ás obras executadas durante a vixencia do contrato, ata a súa finalización, incluíndo tanto as obras previstas inicialmente como as incorporadas posteriormente debido a modificacións contractuais. Isto demostra que a revisión está estreitamente ligada á execución real da obra.
- Inclusión nas certificacións: O artigo 10 do RDL 3/2022 establece que a contía resultante da revisión excepcional aplícase na certificación de obra correspondente. Isto implica que o importe da revisión intégrase directamente no proceso de certificación e pago da obra executada.
- Cálculo baseado na obra realmente executada: Para determinar o importe da revisión, considéranse os períodos en que as obras foron realmente executadas. Isto reforza a idea de que a revisión está directamente vinculada á execución efectiva da obra.
- Parte do prezo final do contrato: A revisión excepcional de prezos concíbese como un axuste necesario para reflectir o custo real da obra en circunstancias extraordinarias. Por tanto, o importe resultante desta revisión incorpórase ao prezo final do contrato, formando parte integral do valor total da obra executada.
- Aplicación aos importes certificados: A revisión aplícase sobre os importes certificados pola execución da obra, incluíndo os gastos xerais e o beneficio industrial. Isto indica que a revisión abarca todos os compoñentes do prezo da obra, reflectindo así o seu carácter inherente á execución.

Polo exposto, conclúese que a tramitación do citado gasto, regulada polo RDL 3/2022 é inherente á propia execución da obra e forma parte do importe final da obra executada, xa que compensa custos reais incorridos e aplícase durante a vixencia do contrato, intégrase nas certificacións, calcúlase sobre a obra realmente executada e forma parte do prezo final do contrato, reflectindo o valor real da obra en circunstancias excepcionais.

Asemade, a propia Xunta de Galicia, neste senso adoptou medidas específicas para dotar de seguridade xurídica a esta revisión excepcional, minimizando así as afectacións derivadas do incremento extraordinario nos prezos e asegurando que o custo axustado sexa recoñecido como parte inherente ao contrato (Resolución de 28 de abril de 2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de 28 de abril de 2022 (DOG 29/04/2022) e Resolución do 9 de setembro de 2022 da Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da citada Consellería pola que se ordena a publicación do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 23/09/2022).

Segundo: Sobre o minoración da achega da Deputación en relación o porcentaxe de financiación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

A resolución ven a fixar o importe da achega da Deputación Provincial en base ao porcentaxe do 46,27591%, entendido como o porcentaxe que representa a achega comprometida por parte da Deputación Provincial de Pontevedra sobre o total do importe do convenio. Dita interpretación non é conforme ao pactado no propio convenio, cuxo “Pacto segundo”, dispón:

«A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), e vinculados o proxecto Modificado n.º 1, a contía de CINCOCEMIL NOVENTA E SETE MIL CATROCEMIL SESENTA EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (597.460,55 €). **O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva e fixa para á execución do convenio**, polo cal calquera modificación ou incremento de custes sobre esta previsión será afrontada directamente polo Concello de Vigo».

Do citado “pacto” desprendese que a cantidade de 597.460,55 € e unha achega fixa e definitiva. Non figura ningunha condición de adecuación da mesma sobre un porcentaxe, polo cal non é de aplicación ningunha minoración desta achega, sempre que o importe da execucións exa superior a dio importe.

Terceiro: Na resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, recollida no apartado II da exposición de feitos indícase que contra a mesma procede interpoñer recurso potestativo de reposición; agora ben, de acordo co artigo 44 LRJCA «En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

Cuarto: Corresponde adoptar o acordo que se propón á Xunta de Goberno Local (127.1.g) LRBRL)

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Formular á Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra requirimento previo para que modifique a súa resolución de data 14 de marzo de 2025, pola que se aproba a xustificación do investimento, recoñecemento da obriga e declaración de aboo por importe de 468.122,78 euros ao Concello de Vigo, como liquidación das obrigas económicas do convenio de colaboración, asinado entre ámbalas dúas administracións, para a continuidade das actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario A Garrida. Tramo Iglesia de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto, entre Regato Quintián e o nº 77 da Estrada do Porto”, no sentido que segue:

- Que se identifique como gasto xustificado o de 1.208.210,04 €, incluíndo no mesmo os custes da revisión excepcional de prezos, por considerarse os mesmos parte integral da execución da obra, xa que reflicte os custos reais incorridos polo contratista.

- Que se modifique o importe da liquidación final do convenio e, daquela, da achega a aboar o Concello de Vigo, de acordo cos datos e consideración de dereito que preceden, dos que resulta como cantidade a aboar o Concello de Vigo a de 597.460,55 €.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(239).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DE TRAVESAS”. EXPTE. 2249/441.

Visto o informe xurídico de data 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 31/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/03/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servios Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (275.024,46 €).

II.- O Xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 15.10.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 16.10.2024 resollen iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 28.01.2025, e o pertinente informe xurídico con



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

proposta de resolución asinado en datas 12 e 13.02.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14.02.2025 aprobou o proxecto de “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS” redactado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (275.024,46 €), e asinado dixitalmente en data 23 de xaneiro de 2025. Expte. 6545-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 14.02.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6545-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas asinado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais, con data 19.02.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 20.02.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 24.02.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 25.02.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 28.02.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e con data da última sinatura 28.02.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 07.03.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.01.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS DA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS"**, redactado polos Enxeñeiros Industriais Dña. Beatriz Pérez Ribas, D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez.

Segundo.- Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (275.024,46 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 47.731,52 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.6320011 "Invest. Mellora Inst. Deportivas", proxecto de gasto 25342013, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	275.024,46 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(240).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA". EXPTE. 2236/441.

Visto o informe xurídico de data 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 26/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/03/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro

da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 11.03.2024 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 14.08.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 23 e 26.08.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.08.2024 aprobou o proxecto de "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €) de data da sinatura de xullo de 2024. Expte. 6489-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.08.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6489-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, asinado dixitalmente en xullo de 2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais, con data da última sinatura 03.02.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 04.02.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 10.02.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 13.02.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 21.02.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e con data da última sinatura 05.03.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 05.03.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 05.03.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a

xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 14.08.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"**, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 05.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCIENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de **78.146,46 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.619.00.07 (RECONSTRUCCIÓN MURO PARQUE NELSON MANDELA) proxecto de gasto 25171007, segundo a distribución de anualidades proposta:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

2025	450.272,46 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(241).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA – MOLEDO". EXPTE. 2211/441.

Visto o informe xurídico de data 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 25/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/03/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servios Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de "ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €) e de data da sinatura dixital 25 de abril de 2024.

II.- O Xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 30.04.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 08.05.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 08.08.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 26.08.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.08.2024 aprobou o proxecto de "ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento

base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €) e de data da sinatura dixital 25 de abril de 2024. Expte. 6406-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.08.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6406-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, asinado dixitalmente en data 25.04.2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais, con data da última sinatura 17.01.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 17.01.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 03.02.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 05.02.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 21.02.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e conj data da última sinatura 24.02.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 03.03.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 03.03.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1878/1102

(disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.08.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO

DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO",
redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 03.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 124.729,77 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, na partida orzamentaria 3420.632.0010 (MURO PERIMETRAL CAMPO FUTBOL SARDOMA-MOLEDO) proxecto de gasto 25342010, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	718.681,04 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(242).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez